

CRITERIOS DE ADMISIÓN

1. EXISTENCIA DE IRMÁNS MATRICULADOS NO CENTRO

Xustificante: Copia completa do libro ou libros de familia e certificación da dirección do centro.

- Baremo:

- a) Por un irmán matriculado no centro5 puntos
- b) Polo segundo e seguintes irmáns matriculados no centro.....2 puntos por cada un

2. POR SER TRABALLADOR DO PROPIO CENTRO..... 5 puntos

Xustificante: certificación da dirección do propio centro.

3. POR PROXIMIDADE DO DOMICILIO FAMILIAR AO CENTRO

Documentación a presentar: Certificado de empadramento, expedido polo concello.

De non coincidir os domicilios familiar e fiscal, os interesados deberán presentar a seguinte documentación complementaria: copia autenticada do título que lexitime a ocupación da vivenda declarada como domicilio familiar (escritura de compravenda ou doazón, contrato de aluguer) e contrato de alta de recibos actualizados de subministración (auga, luz, gas) a nome do solicitante da praza.

- Baremo:

- a) Se o domicilio familiar se encontra na área de influencia do centro5 puntos
- b) Se o domicilio familiar se encontra nas áreas limítrofes á área de influencia do centro..... 2 puntos
- c) Se o domicilio familiar se encontra noutras áreas.....0 puntos

4. POLA PROXIMIDADE DO LUGAR DE TRABALLO AO CENTRO

Documentación a presentar:

- No caso dos *traballadores* que realizan a súa actividade *por conta allea*, achegarase un **certificado** expedido para o efecto polo titular da empresa ou polo responsable de persoal desta e unha **copia do contrato laboral**.
- No caso de *traballadores por conta propia*, a proximidade do lugar de traballo ao centro acreditarase mediante **alta censal inicial perante a Axencia Estatal Tributaria**, con todas as posibles modificacións posteriores e **alta na Tesourería Xeral no Réxime da Seguridade Social** correspondente.
- Os *funcionarios* presentarán a **certificación** expedida pola xefatura de persoal respectiva.

- Baremo:

- a) Lugar de traballo do pai, nai ou titor legal, situado dentro da área de influencia do centro.....3 puntos
- b) Lugar de traballo do pai, nai ou titor legal, situado nas áreas limítrofes a área de influencia do centro..... 1 punto
- c) Lugar de traballo do pai, nai ou titor legal, situado noutras áreas.....0 puntos

5. POR PERTENCER A UNHA FAMILIA NUMEROSA..... 1 punto

Documentación a presentar: Fotocopia compulsada do título oficial de familia numerosa.

6. POLA RENDA ANUAL DA UNIDADE FAMILIAR

Documentación a presentar: autorización expresa (**Folla 3 da Solicitud**) para que a Axencia Tributaria subministre a información á Consellería de Educación.

Nos casos de separación legal, nulidade, divorcio ou cando non existise vínculo matrimonial, a autorización a concederá o que teña a garda e custodia. Aportarase ademais, **copia da sentenza de separación, nulidade ou divorcio**, ou **libro de familia** que acredite a inexistencia de vínculo matrimonial.

- *Baremo:*

- a) Ingresos iguais ou inferiores ao IPREM.....**3 puntos**
- b) Ingresos superiores ao IPREM e inferiores ao duplo do devandito indicador..... **2 puntos**
- c) Ingresos superiores ao duplo do IPREM e inferiores ao triplo do devandito indicador.....**1 punto**
- d) Ingresos iguais ou superiores ao triplo do IPREM**0 puntos**

7. POR DISCAPACIDADE (en grao igual ou superior ó 33%)

Documentación a presentar: **Certificación do ditame emitido polo órgano competente da Xunta de Galicia.**

- *Baremo:*

- a) Do alumno ou alumna.....**3 puntos**
- b) Do pai, nai ou titor legal **2 puntos** por cada un deles
- c) Nalgún dos irmáns ou irmás do alumno ou alumna.....**1 punto** por cada un deles

PUNTUACIÓN TOTAL E CRITERIOS DE DESEMPATE

A puntuación total que obteñan decidirá a orde de admisión.

No caso de empate na puntuación final, aplicaranse sucesivamente os seguintes criterios de desempate:

- a) Maior puntuación no apartado de ter irmáns matriculados no centro.
- b) Ter ao pai, nai ou titor legal traballando no centro.
- c) Maior puntuación no apartado de proximidade do domicilio familiar ou laboral.
- d) Maior puntuación no apartado de discapacidade.
- e) Maior puntuación no apartado de renda da unidade familiar.
- f) Ter a condición de familia numerosa.

Se unha vez aplicados estes criterios se mantén o empate, este resolverase aplicando o resultado do sorteo público celebrado na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria o 30 de marzo (Letras de prioridade: **F** e **G**, que afectan ó primeiro e, de ser o caso, ó segundo apelido).